Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

Luciano Sobral Fernandez (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 07/10/2021
HASH: b798e0e90e562bb40f32b9ec5f61e60e
CONCELLO DE POIO

CONCELLO DE POIO

ANTEPROXECTO DA LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

ANTECEDENTES

A Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia inicia, o 23 de xullo de 2.021, a tramitación do Anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Establecendo un prazo para remitir suxestións ata o 15 de setembro de 2.021.

Revisado por este goberno municipal o contido do anteproxecto e despois de ter asistido ao seminario web de presentación do mesmo, concluímos na necesidade de presentar alegacións ao mesmo dada a preocupación que as consecuencias da entrada en vigor desta lei podería ter para a veciñanza de Poio en particular e para os galegos e galegas en xeral.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

O anteproxecto de Lei de mellora da xestión integral da auga, está enfocado en parte ao cumprimento dunha normativa europea cada vez mais esixente en materia ambiental, a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Concello do 23 de outubro, Directiva Marco da auga e, por outra, coa escaseza crecente de auga, debido aos efectos do cambio climático, no que se presentan indicios de modificar o réxime de pluviometría da comunidade autónoma de Galicia, podendo dar lugar a períodos de escaseza de auga.

O antedito anteproxecto, busca optimizar os recursos das distintas administracións e lograr elevados niveis de calidade do servizo, polo que unha xestión eficiente e eficaz do ciclo integral da auga convértese nun dos retos emerxentes mais importantes en materia ambiental.

O Concello de Poio presenta unha gran dispersión ao longo do seu termo municipal, existindo multitude de núcleos pequenos de vivendas, o que supón que o custo da prestación do servizo por habitante sexa maior que nos núcleos grandes de habitantes. Polo que, para uha xestión eficiente e eficaz do ciclo integral da auga vai a ser necesaria unha amplia capacidade técnica e económica.

Por outro lado, modifícase a Lei 9/2010, de 4 de novembro, en relación ao canon da auga. Dentro destas modificacións destacan as motivadas polo mandato establecido na Disposición Adicional Quinta da Lei 9/2019, de 11 de decembro, o Consello da Xunta debe aprobar e presentar un proxecto de Lei de modificación do canon da auga ou creación dun novo tributo co fin de gravar as perdas de auga en redes de abastecementos cando supoña máis do vinte por cento da auga captada.

Cod. Validación: 6GNFAZR55ZJ3Y4GDS2MARH9EJ | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 1 a 4

Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO

Na presente Lei, óptase por gravar esas perdas mediante unha modificación do canon da auga, tendo cabida as perdas en redes dentro do feito impoñible dado que as entidades locais usan a auga coa finalidade de subministrar auga potable a domicilio de xeito que, cando esta finalidade se frustra pola perdas nas redes, ese uso da auga non é obxecto de repercusión aos abonados en baixa, debendo ser a titular da rede a que asuma os custos asociados a uso da auga captada.

Preténdese gravar as perdas de auga nas redes que excedan o ratio que se fixa no 20% da auga captada. Cabe destacar que a maior parte das redes presentan perdas superiores o 20% establecido, polo que o Concello deberá asumir un volume elevado de obras para adaptalas redes existentes no termo municipal e se deberá realizar unha forte inversión para adaptar as redes existentes (proxectos, obras...).

Realizada unha estimación, o canon de xestión da depuradora de Praceres na modalidade de usos urbanos asociado ao volume de auga a pagar polo concello de Poio será de:

- Estimando o bombeado a EDAR de Praceres na EBAR de Froiz resulta un total de 3.000.000 m^3/ano.

- Os m^3 subministrados polo abastecemento de auga de Poio, na zona que verta a EDAR de Praceres é de aproximadamente 1.200.000 m^3/ano

(3.000.000 m^3/año-1.200.000 m^3/año) x 0,29 €/m^3 = 551.000 €/año

Realizada unha estimación, o canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos por carga contaminante a pagar polo concello de Poio será o resultado de multiplicar a totalidade de m^3, xa que o anteproxecto indica que a mostra realizarase na entrada da EDAR, por o coeficiente de contaminación que polo menos será 1, e polo tipo de gravame.

2.185.000 m^3/año x 1 (coeficiente de contaminación) x 0,053 €/m^3 = 115.805 €/año.

Ademais deste canon Augas de Galicia recadaría o canon de depuración dos abonados deste concello.

Como conclusión, o contido do anteproxecto pon de manifesto que o Concello deberá dispor de medios e realizar un volume elevado de obras nun espazo temporal breve para a mellora da xestión integral da auga, o que vai supoñer un elevado custe para o Concello.

Tendo en conta o antedito, o Concello de Poio presenta as seguintes

ALEGACIÓNS

Cod. Validación: 6GNFAZR55ZJ3Y4GDS2MARH9EJ | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO

Consideramos que o Anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo Integral da Auga debe ser retirado en base aos seguintes argumentos:

1º) Previo á tramitación dunha lei destas características o Goberno Galego debería ter elaborado o Plan Xeral de Abastecemento e o Plan Xeral de Saneamento, tal como establecía a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia. Non é de recibo que 10 anos despois ditos plans estean sen elaborar e se pretenda aprobar unha nova lei.

2º) O texto proposto aumenta a carga fiscal á que está sometida a veciñanza coa eliminación do actual canon de coeficiente de vertedura e a creación de dous novos canóns na súa substitución que son o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de rede de colectores. Algo sorprendente no momento sociolaboral no que nos atopamos.

3º) Malia aumentar a carga fiscal sobre a veciñanza, o anteproxecto non recolle a reversión que terán os concellos desa recadación tributaria. Manténdose polo tanto o sistema actual no que Augas de Galicia fai un reparto discrecional dos mesmos. Débese recoller a porcentaxe do total recadado que cada concello recibirá de Augas de Galicia, vinculada a investimentos no servizo de abastecemento, saneamento e depuración.

4º) No anteproxecto analizado faise referencia a elaboración por parte das administracións responsables do servizo dos seguintes documentos:

Plan de control anual de vertidos ás redes de colectores (Art.10)

Plan de redución de augas brancas nas redes de saneamento (Art. 11) Plan eficiencia enerxética (Art.13)

5º) No artigo 10 faise referencia a que no prazo máximo de 2 anos os sistemas de depuración que dean servizo a máis de 2000 habitantes equivalentes deberán adaptar as súas instalacións para recibir os residuos de fosas sépticas de carácter doméstico. Isto implicaría a introdución de augas de caracterización incerta e cuns parámetros químicos potencialmente perigosos, poñendo en perigo o bo funcionamento da EDAR.

6º) No texto aparece a figura de "aglomeracións urbanas", un concepto cuxa definición e alcance queda, en exclusiva, nas mans do órgano xestor da Xunta de Galicia. Sendo este quen determine as características de cada unha delas e a súa composición. Os concellos incluídos dentro das "aglomeracións urbanas" (mesmo de menos de 20.000 habitantes) só terán a posibilidade dun trámite de audiencia a pesares de que queda ben estipulado os custes de financiamento que deberán soportar.

7º) O anteproxecto de lei, tal cal aparece redactado, non busca a Mellora do Ciclo Integral da Auga senón que se limita a detraer competencias propias da Administración Galega para facelas recaer sobre as entidades locais, sen ir acompañadas dun compromiso de financiamento.

En resumo, o anteproxecto debe ser retirado e após ter elaborado a administración galega os Plan Xeral de Abastecemento e o Plan Xeral de Saneamento, debe abrirse un proceso colaborativo e

Cod. Validación: 6GNFAZR55ZJ3Y4GDS2MARH9EJ | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO

participativo coas Deputacións Provinciais, Entidades Locais que dea como resultado un texto consensuado e participado por todos os actores implicados.

E para que conste aos efectos oportunos, asino o presente escrito en

Poio, a 7 de outubro de 2021.

Asdo.

O Alcalde

Cod. Validación: 6GNFAZR55ZJ3Y4GDS2MARH9EJ | Corrección: https://concellopoio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4